

1. Identificación da programación
Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|-------------|----------|---------------|
| 15006754 | Ferrolterra | Ferrol | 2023/2024 |

Ciclo formativo

| Código da familia profesional | Familia profesional | Código do ciclo formativo | Ciclo formativo | Grao | Réxime |
|-------------------------------|--------------------------|---------------------------|---------------------|----------------------------------|------------------------|
| MAM | Madeira, moble e cortiza | CBMAM11 | Carpintaría e moble | Ciclos formativos de grao básico | Réxime xeral-ordinario |

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

| Código MP/UF | Nome | Curso | Sesións semanais | Horas anuais | Sesións anuais |
|--------------|--|-----------|------------------|--------------|----------------|
| MP3075 | Instalación de elementos de carpintaría e moble | 2023/2024 | 6 | 160 | 160 |
| MP3075_12 | Operacións auxiliares na instalación de chans e paramentos horizontais e verticais | 2023/2024 | 6 | 86 | 86 |
| MP3075_22 | Operacións auxiliares na instalación de elementos de carpintaría e mobles | 2023/2024 | 6 | 74 | 74 |

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

| | |
|--------------------------------|---------------------|
| Profesorado asignado ao módulo | MARTA LÓPEZ PERIAGO |
| Outro profesorado | |

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este módulo, según o DECRETO107/2014 do 4 de Setembro, polo que se regulan aspectos específicos da FP básica das ensinanzas da FP no sistema educativo en Galicia, ten por obxecto capacitar ó alumnado para a realización de tarefas propias da instalación de elementos de carpintería e moble con unha calidade mínima, interpretando os planos de instalación e montaxe así como saber os procedementos adecuados e as máquinas e ferramentas axeitadas para levar a cabo o traballo ,cumprindo coas normas de seguridade e prevención de riscos laborais derivados da instalación de elementos de carpintería e moble.

As características do ámbito produtivo son as da carpintería tradicional nas cales se empezan a introducir pequenas máquinas de control numérico para o mecanizado de traballos en pequenas series.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

| U.D. | Título | Descrición | Duración (sesións) | Peso (%) |
|------|--|---|--------------------|----------|
| 1 | Operacións auxiliares na instalación de distintos tipos de chans e recubrimentos | Aprendizaxe das operacións auxiliares na instalación de chans | 35 | 20 |
| 2 | Axuste de pezas, ferraxes e mecanismos | Aprendizaxe dos distintos tipos de instalacións e uso e colocación de ferraxes | 35 | 20 |
| 3 | Transporte de material e ferramentas de instalación | Aprendizaxe dos sistemas de embalado e transporte de material | 16 | 10 |
| 4 | Operacións auxiliares na instalación de mobiliario e elementos de carpintería | Aprendizaxe de operacións auxiliares en relación coas tarefas de instalación de mobiliario e elementos de carpintería | 29 | 20 |
| 5 | Axuste de pezas, ferraxes e mecanismos en relación a mobiliario e elementos de carpintería | Aprendizaxe dos axustes en ferraxes e mecanismos de mobiliario | 29 | 20 |
| 6 | Transporte de material e ferramentas de instalación de mobiliario e elementos de carpintería | Aprendizaxe de sistema de embalado e transporte | 16 | 10 |

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|--|----------|
| 1 | Operacións auxiliares na instalación de distintos tipos de chans e recubrimentos | 35 |

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA1 - Realiza operacións auxiliares na instalación de chans, parqué, tarimas e recubrimentos de paneis de madeira en paramentos horizontais e verticais, interpretando os planos de montaxe | SI |

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA1.1 Interpretáronse correctamente os planos de montaxe e distribuíuse de xeito racional o material e a maquinaria necesarios |
| CA1.2 Previuse a necesidade de persoal, ferramentas e sistemas auxiliares de montaxe |
| CA1.3 Verificouse o estado e as características do material (humidade, etc.) e da maquinaria (afiadura, etc.) |
| CA1.4 Niveláronse os paramentos horizontais e verticais cos sistemas dispoñibles para un correcto recibimento dos elementos |
| CA1.5 Recoñecéronse os tipos de chans, parqué e tarimas |
| CA1.6 Axustáronse aos paramentos e ás esquinas os elementos construtivos, deixando espazo para as dilatacións |
| CA1.7 Dispuxéronse os elementos complementarios (zócolo, rexistros, etc.) |
| CA1.8 Realizáronse as operacións de acoitelar e vernizar o parqué coas condicións de calidade esixidas |
| CA1.9 Rectificáronse os baixos das portas tras a instalación de chans de madeira ou moquetas |
| CA1.10 Realizáronse as operacións de mantemento básico de máquinas, utensilios e ferramentas |
| CA1.11 Aplicáronse as medidas de prevención de riscos laborais e ambientais requiridas |
| CA1.12 Empregáronse os equipamentos de protección individual |
| CA1.13 Valorouse a orde e a limpeza como factor de prevención de riscos |
| CA1.14 Demostrouse predisposición cara á aprendizaxe |
| CA1.15 Realizáronse as tarefas en colaboración e traballando en equipo, nos casos en que así se estableza |

4.1.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| Sistemas de montaxe de chans, parqué, tarimas e recubrimentos de paneis de madeira. |
| Ferramentas, máquinas e accesorios empregados para instalación: manexo e mantemento. |
| Acoiteladura e vernizadura de parqué. |



| Contidos |
|--|
| Medidas de prevención de riscos laborais relacionadas. |

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|--|----------|
| 2 | Axuste de pezas, ferraxes e mecanismos | 35 |

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA2 - Axusta pezas, ferraxes e mecanismos, e recoñece a súa función nos chans, nas tarimas, nos parqués e nos recubrimentos de paneis de madeira en paramentos horizontais e verticais | SI |

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA2.1 Recoñecéronse os tipos de instalación e as súas finalidades |
| CA2.2 Relacionáronse os sistemas de fixación de elementos cos soportes aos que se fixan |
| CA2.3 Identificáronse as principais ferraxes que se vaian utilizar nos chans, nas tarimas, nos parqués e nos recubrimentos de paneis de madeira en paramentos horizontais e verticais para unións con ou sen movemento |
| CA2.4 Enumeráronse os factores para ter en conta no axuste de subconxuntos na instalación de chans, tarimas, parqués e recubrimentos de paneis de madeira en paramentos horizontais e verticais |
| CA2.5 Colocáronse as pezas, as ferraxes e os mecanismos segundo as instrucións de montaxe, e verificouse a súa adecuación e o cumprimento da función para a que se instalaron |
| CA2.6 Comprobouse que as ferramentas e os medios utilizados para a instalación sexan os máis idóneos e estean en perfectas condicións |
| CA2.7 Restauráronse por eliminación de residuos as condicións hixiénicas do lugar de instalación tras finalizar o traballo |
| CA2.8 Depositáronse os residuos en contedores para a súa posterior xestión ambiental |
| CA2.9 Aplicáronse as normas de seguridade e prevención de riscos laborais |
| CA2.10 Valorouse a orde e a limpeza como factor de prevención de riscos |
| CA2.11 Demostrouse predisposición cara á aprendizaxe |
| CA2.12 Realizáronse as tarefas en colaboración e traballando en equipo, nos casos en que así se estableza |

4.2.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Sistemas de fixación: aplicación. Características dos soportes. |
| Ferraxes e accesorios: tipos, características e aplicacións. |
| Tipos de axustes que se poden levar a cabo en chans, tarimas, parqués e recubrimentos de paneis de madeira en paramentos horizontais e verticais. |
| Medidas de prevención de riscos laborais relacionadas. |

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|---|----------|
| 3 | Transporte de material e ferramentas de instalación | 16 |

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA3 - Transporta material e utensilios para a instalación de chans, tarimas, parqués e recubrimentos de paneis de madeira en paramentos horizontais e verticais, identificando as medidas de protección | SI |

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA3.1 Embaláronse os produtos de madeira manualmente utilizando cartón, plástico de burbulla, retráctil ou poliuretano expandido, e quedaron firmemente suxeitos e coas proteccións fixadas no lugar indicado |
| CA3.2 Axustáronse correctamente os parámetros da embaladora termorretráctil (tamaño do rolo de plástico, velocidade do tapete e temperatura do forno) en función dos produtos que se embalen |
| CA3.3 Identifícanse os produtos embalados mediante etiquetas ou outros medios especificados |
| CA3.4 Embaláronse os produtos coas proteccións especificadas con plástico termorretráctil |
| CA3.5 Protexéronse con cartón ou material similar as zonas de contacto da lamela co moble |
| CA3.6 Apartáronse para o seu reprocesamento as pezas que tras a embalaxe presenten non-conformidades |
| CA3.7 Seleccionáronse os procesos de carga máis acaídos |
| CA3.8 Aplicáronse as medidas de prevención de riscos laborais relacionadas coa embalaxe e o transporte de cargas |
| CA3.9 Transportáronse os chans, as tarimas, os parqués e os recubrimentos de paneis de madeira en paramentos horizontais e verticais seguindo a normativa do sector de transportes |
| CA3.10 Valorouse a orde e a limpeza como factor de prevención de riscos |
| CA3.11 Demostrouse predisposición cara á aprendizaxe |
| CA3.12 Realizáronse as tarefas en colaboración e traballando en equipo, nos casos en que así se estableza |

4.3.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Carga e descarga de chans, tarimas, parqués e recubrimentos de paneis de madeira en paramentos horizontais e verticais. |
| Sistemas de embalaxe máis frecuentes. |
| Simbología empregada na embalaxe. |
| Medidas de prevención de riscos laborais relacionadas coa embalaxe e o transporte de cargas. |
| Etiquetaxe. Verificación da calidade. Transporte. Desembalaxe. |

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|---|----------|
| 4 | Operacións auxiliares na instalación de mobiliario e elementos de carpintería | 29 |

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA1 - Realiza operacións auxiliares na instalación de elementos de carpintería e mobles, en relación coa funcionalidade da instalación | SI |

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA1.1 Interpretáronse correctamente os planos de instalación |
| CA1.2 Recoñecéronse os tipos de instalación e a súa finalidade |
| CA1.3 Obtivéronse os datos e as medidas da instalación a partir de esbozo ou patrón da montaxe |
| CA1.4 Organizouse a secuencia de operacións de traballo |
| CA1.5 Previuse a necesidade de persoal, ferramentas e sistemas auxiliares de montaxe |
| CA1.6 Colocáronse as ferraxes na proporción e na altura adecuadas, para conseguir a suxeición correcta da folla da porta ou da fiestra |
| CA1.7 Comprobouse que a inclinación do canto nas follas sexa a adecuada (alambor) e que a elección das ferraxes de apertura sexa a correcta (a dereitas ou a esquerdas) |
| CA1.8 Efectuouse a instalación sen que os elementos arquitectónicos, os cercos e precercos, as instalacións nin as persoas sufran danos |
| CA1.9 Fixáronse portas "block-porte" considerando as características dos elementos arquitectónicos de soporte |
| CA1.10 Calzáronse provisionalmente as portas e comprobouse que encaixen correctamente co marco |
| CA1.11 Aplicáronse as medidas de prevención de riscos laborais e ambientais requiridas |
| CA1.12 Valorouse a orde e a limpeza como factor de prevención de riscos |
| CA1.13 Demostrouse predisposición cara á aprendizaxe |
| CA1.14 Realizáronse as tarefas en colaboración e traballando en equipo, nos casos en que así se estableza |

4.4.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Preparación do traballo. Implantación en obra. |
| Máquinas, ferramentas e utensilios utilizados na instalación. |
| Operacións de instalación de mobles e carpintería. |
| Medidas de prevención de riscos laborais relacionadas. |

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|--|----------|
| 5 | Axuste de pezas, ferraxes e mecanismos en relación a mobiliario e elementos de carpintaría | 29 |

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA2 - Axusta pezas, ferraxes e mecanismos, e recoñece a súa función no elemento de carpintaría ou moble | SI |

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA2.1 Recoñecéronse os tipos de instalación e a súa finalidade |
| CA2.2 Relacionáronse os sistemas de fixación de elementos cos soportes aos que se fixan |
| CA2.3 Identificáronse as principais ferraxes para utilizar en mobles e elementos de carpintaría para unións con ou sen movemento |
| CA2.4 Enumeráronse os factores que cómpre ter en conta no axuste de subconxuntos na instalación de mobles |
| CA2.5 Colocáronse as pezas, as ferraxes e os mecanismos segundo as instrucións de montaxe e verificouse a súa adecuación e o cumprimento da función para a que se instalaron |
| CA2.6 Comprobouse que as ferramentas e os medios utilizados para a instalación sexan os máis idóneos e que estean en perfectas condicións |
| CA2.7 Restauráronse por eliminación de residuos as condicións hixiénicas do lugar de instalación tras finalizar o traballo |
| CA2.8 Depositáronse os residuos en contedores para a súa posterior xestión ambiental |
| CA2.9 Verificouse que o desprazamento das pezas móbiles se realice sen impedimentos e que responda ás especificacións do proxecto |
| CA2.10 Aplicáronse as normas de seguridade e prevención de riscos laborais |
| CA2.11 Valorouse a orde e a limpeza como factor de prevención de riscos |
| CA2.12 Demostrouse predisposición cara á aprendizaxe |
| CA2.13 Realizáronse as tarefas en colaboración e traballando en equipo, nos casos en que así se estableza |

4.5.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| Sistemas de fixación: aplicación. Características dos soportes. |
| Ferraxes e accesorios: tipos, características e aplicacións. |
| Tipos de axustes que se poden levar a cabo en mobles e elementos de carpintaría. |
| Medidas de prevención de riscos laborais relacionadas. |

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|---|----------|
| 6 | Transporte de material e ferramentas de instalación de mobiliario e lementos de carpintaría | 16 |

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA3 - Transporta material e utensilios para a instalación de elementos de carpintaría e mobles, identificando as medidas de protección | SI |

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA3.1 Embaláronse os produtos de madeira e mobles manualmente utilizando cartón, plástico de burbulla, retráctil ou poliuretano expandido, e quedaron firmemente suxeitos e coas proteccións fixadas no lugar indicado |
| CA3.2 Axustáronse correctamente os parámetros da embaladora termorretráctil (tamaño do rolo de plástico, velocidade do tapete e temperatura do forno) en función dos produtos que se vaian embalar |
| CA3.3 Identifícanse mediante etiquetas ou outros medios especificados os produtos embalados |
| CA3.4 Embaláronse os produtos coas proteccións especificadas con plástico termorretráctil |
| CA3.5 Protexéronse con cartón ou material similar as zonas de contacto da lamela co moble |
| CA3.6 Apartáronse para o seu reprocesamento as pezas que tras a embalaxe presenten non-conformidades |
| CA3.7 Seleccionáronse os procesos de carga máis axeitados |
| CA3.8 Aplicáronse as medidas de prevención de riscos laborais relacionadas coa embalaxe e o transporte de cargas |
| CA3.9 Transportouse o moble embalado seguindo a normativa do sector de transportes |
| CA3.10 Valorouse a orde e a limpeza como factor de prevención de riscos |
| CA3.11 Demostrouse predisposición cara á aprendizaxe |
| CA3.12 Realizáronse as tarefas en colaboración e traballando en equipo, nos casos en que así se estableza |

4.6.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| Carga e descarga de elementos de carpintaría e moble. |
| Manexo e transporte de compoñentes de moblaxe (cristais, espellos, etc.). |
| Sistemas de embalaxe máis frecuentes. |
| Simbología empregada na embalaxe. |
| Medidas de prevención de riscos laborais relacionadas coa embalaxe e o transporte de cargas. |
| Etiquetaxe. Verificación da calidade. Transporte. Desembalaxe. |

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

UNIDADE FORMATIVA 1: Operacións auxiliares na instalación de chans e paramentos horizontais e verticais.

- Realizar e interpretar correctamente a documentación técnica.
- Coñecer o funcionamento das máquinas e ferramentas empregadas nos traballos de instalación, axustando e preparando os seus accesorios en función do tipo de traballo a realizar.
- Comprender e realizar operacións auxiliares na instalación de chans e paramentos horizontais e verticais cumprindo as normas de seguridade e hixiene que recolle a lei de prevención de riscos laborais.
- Chans.
- Paramentos verticais.
- Paramentos horizontais.
- Realización de prácticas tanto individuais como en equipo coa calidade esixida.

UNIDADE FORMATIVA 2: Operacións auxiliares na instalación de elementos de carpintaría e mobles.

- Realizar e interpretar correctamente a documentación técnica.
- Coñecer o funcionamento das máquinas e ferramentas empregadas nos traballos de instalación axustando e preparando os seus accesorios en función do tipo de traballo a realizar.
- Comprender e realizar operacións auxiliares na instalación de carpintaría e mobles cumprindo as normas de seguridade e hixiene que recolle a lei de prevención de riscos:
- Portas e ventás.
- Moble auxiliar.
- Moble modular.
- Realización de prácticas tanto individuais como en equipo coa calidade esixida.

Cualificarase ós alumnos en sesións de avaliación unha vez ó final de cada trimestre.

A cualificación da avaliación será un valor numérico sen decimais entre 1 e 10, considerándose aprobados todos os alumnos que obteñan unha cualificación de 5 ou superior a 5.

Para a obtención numérica da nota teranse en conta os seguintes criterios:

- 30% da media das probas escritas baseadas nos contidos do currículo e nas actividades feitas na aula.
- 70% da media dos traballos realizados na aula/taller durante cada trimestre, coa posibilidade de facer un traballo específico de taller ao final do trimestre.

*Para poder realizar esta media é necesario acadar un 5 en cada unha das partes.

Para a cualificación teranse en conta os seguintes aspectos, como mínimo:

- Coñecementos obtidos nas sesións.
- Traballos e exercicios realizados.
- Participación e relación no entorno de traballo.
- Mantemento e cumprimento das normas.

A cualificación dos obxectivos obtida polos alumnos, obedecerá a tales criterios e permitirá para cada alumno a cualificación en cada unha das avaliacións partindo de que é avaliación continua menos para quen supere o 10 % das faltas de asistencia e seña apercibido da perda do dereito a avaliación continua.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

As actividades de recuperación faranse de xeito individualizado logo de rematar a 3ª avaliación, no espazo de tempo que quede dispoñible ata a avaliación final.

Programaranse para cada alumno en función dos obxectivos non acadados.

Os coñecementos teóricos pendentes de cada avaliación poderanse recuperar nunha proba extraordinaria que consistirá nun exercicio escrito que poderá ser: tipo test, preguntas curtas, preguntas de desenvolvemento ou similares.. Para superar esta parte deberá acadarse unha nota mínima de 5.

En relación os exercicios prácticos, os alumnos poderán recuperalos no transcurso da avaliación seguinte. Se en xuño non teñen realizados os exercicios previstos o/a alumn* terá unha cualificación de non apto e por tanto non superaría o módulo; neste caso poderá realizar as probas extraordinarias de avaliación previstas para o alumnado con perda da avaliación continua.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

A proba de avaliación extraordinaria realizarase ós alumnos apercibidos coa perda de avaliación continua .

Os alumnos apercibidos coa perda de dereito á avaliación continua, realizarán unha proba teórico/práctica nas que se examinará dos contidos e técnicas aparecidos na programación e os engadidos a partir dunhas necesidades didácticas específicas. Para a realización de esta proba informarase coa suficiente antelación, expoñendo a data de celebración da mesma na parte exterior da porta da aula onde se imparta o módulo.

A proba extraordinaria constará de dúas partes:

- Unha proba escrita na que se recollerán os contidos teóricos de cada unha das avaliacións. Poderán ser preguntas tipo test, de resposta curta ou de desenvolvemento, Valorarase este exercicio con unha nota entre 1 e 10. Para a superación de esta parte será necesario un mínimo de 5 , de non acadar ese mínimo xa non se poderá acceder ó segundo exercicio. Para aqueles que o superen, o peso deste exercicio será de 30% sobre a nota final.
- Unha o varias probas prácticas relacionadas coa materia reflexada no currículo. O peso da nota final de este exercicio será do 70% .

Para a realización da proba práctica o alumnado deberá levar os epis exixidos ao longo do curso. Se o docente considera que o alumno non ten capacidade para manexar a maquinaria e ferramenta necesaria para a realización da proba, poderá dar por finalizada a mesma sendo a nota do exame un 1

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación será realizado mensualmente.

A avaliación da práctica docente será realizada a final do curso unha vez se teñan os resultados finais, esta farase mediante unha enquisa anónima.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Na primeira semana do curso realizarase unha proba de coñecementos básicos e relacionados coa materia do módulo a fin de determinara o nivel de coñecementos de cada alumno . segundo sexa o nivel xeral poderase partir duns contidos mais avanzados que os establecidos no currículo, ou pola contra baixar o nivel de exigencia.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Partindo que que a aula é diversa por natureza, debemos ter presente que adoptaranse certas medidas específicas co único propósito de que tod*s *s alumn*s sexan capaces de, alomenos, acadar os contidos mínimos. Para aquel alumnado que presente maior dificultade na aprendizaxe adoptaranse medidas de carácter ordinario como:

-Agrupamento de alumnado con dificultades parecidas para recibir apoio extra, ou polo contrario facendo grupos heteroxeneos onde os mais capaces apoiem os que presenten mais dificultades.

- Ensino individualizado en función das características do alumn*,
- e en xeral calquera outra adaptación curricular non significativa.

Se coas medidas ordinarias non fora posible que un alumn* alcanzase os obxectivos mínimos tomaranse medidas de carácter extraordinario tendo en conta sempre as recomendacións do Departamento de Orientación.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Velarase polo respecto mutuo na convivencia con todo o persoal do centro educativo, sendo motivo de sanción o acoso ou a falta de respecto a calquera compoñente da comunidade educativa.

Xornadas e actividades levadas a cabo no centro.

Os contidos transversais relativos á saúde, ao medioambiente, a igualdade, ao consumo.....impregnan a actividade educativa do módulo no seu conxunto.

Os contidos actitudinais do módulo son comuns para todas as unidades didácticas, e podemos destacar entre eles:

- Fomento na orde e limpeza tanto do posto de traballo coma no manexo da documentación.
- Responsabilidade no manexo, normas de uso e conservación das ferramentas, materiais e útiles de traballo.
- A preocupación por acadar uns mínimos de calidade , fomentando o espírito crítico na autoavaliación dos traballos levados a cabo.
- Fomentar un consumo responsable, valorando o aproveitamento dos recursos así como o correcto reciclase de materias de desfeito.
- Velarase polo respecto mutuo na convivencia con todo o persoal do centro educativo, evitando calqueira tipo de discriminación.



9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As propostas polo departamento uo equipo docente, en función das posibilidades do centro ó longo do curso.

10. Outros apartados

10.1) Comunicación da programación

A programación do módulo será explicada ao alumnado, e se lle informará que poden consultala por os medios indicados polo centro.

10.2) Ensino a distancia

Os contidos, ademais de expostos na aula/Taller física, serán accesibles a través da aula virtual do centro.